

PREMIOS FIN DE GRAO

Poderán presentarse todos aqueles alumnos/as do Conservatorio Profesional da Estrada que finalicen 6º de grao profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal único para todos os aspirantes e constituído especialmente para este fin, que será designado polo director do centro. O tribunal estará formado por tres profesores, dos que só un deles será membro da especialidade de procedencia do alumno/a aspirante ao premio. Non poderá formar parte do citado tribunal profesorado que impartise docencia directa a ese aspirante o curso anterior.

Estas probas levaranse a cabo unha vez finalizada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois de 20 de xuño.

CONTIDOS DA PROBA

Presentación por parte dos aspirantes dun programa adecuado á categoría da proba, cunha duración comprendida entre 20 e 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima. O tribunal terá liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno.

Interpretación de memoria de polo menos unha das obras do programa.

Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro das notas ao programa elaboradas por el mesmo, polo menos con tres días de antelación á celebración de proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da dirección do Centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar as obras mostrando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumno demostre unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorase segundo os seguintes indicadores:
 - Dificultade do repertorio
 - Control do ritmo e da medida.
 - Claridade e igualdade na dixitación.
 - Calidade do son.

- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorase o estilo interpretativo do alumno mediante os seguintes indicadores:
 - Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
 - Adecuación sonora aos diferentes etilos.
 - Adaptación das dinámicas a cada estilo interpretación.
 - Corrección na execución dos ornamentos.
- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto de movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
 - Respecto dos aires e movementos
 - Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
 - Exactitude na exposición das notas.
- Mostrar as calidades artísticas e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno mediante os seguintes indicadores:
 - Capacidade de comunicación musical.
 - Concentración ao longo recital.